



PLAN DIXITAL

CEIP DA IGREXA-BRENS

(Versión 1.0_xuño 2022)

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O C.E.I.P A Igrexa- Brens é un centro con dúas aulas mixtas: unha de E. Infantil con alumnado de 4º, 5º e 6º, e outra aula de E.Primaria con alumnado de 1º e 2º.

Para o vindeiro curso 2022/2023 terá un total de 21 alumnos/as, 13 na aula de Infantil e 8 na aula de Primaria.

O centro conta con dúas mestras con destino definitivo. Cada unha delas é a titora de cada unha das aulas. Ademais ten adxudicadas dúas mestras itinerantes, unha mestra de Inglés e unha de Relixión.

O centro está situado no lugar de A Igrexa, nº5 na parroquia de Brens, pertencente ao Concello de Cee.

A dirección da páxina web é: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexacee/>

A dirección de correo electrónico é: ceip.igrex.cee@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Brens é a maior parroquia do Concello de Cee. É unha parroquia moi diseminada con 7 lugares destacados: A Grixá, Berroxé, Camiños Chans, Raso, Fadibón, A Pontella e Botellóns. A parroquia está ubicada nunha zona rural aínda que moi próxima a unha grande industria e á capital municipal, Cee.

A realidade familiar cambiou moito nos últimos anos. Algúns nenos/as viven nun dos lugares da parroquia ou nunha parroquia anexa, Ameixenda, mais outros viven en Cee, pero debido ao traballo dos pais e nais pasan máis tempo cos avós e avoas que son os que viven na parroquia.

O nivel sociocultural das familias é medio. Moitos traballan no sector servizos na capital municipal e tamén na fábrica próxima ao colexio. En xeral son familias preocupadas pola educación dos fillos/as e participan e colaboran en todo o referente á escola. A lingua materna maioritaria é o galego.

As tecnoloxías da información e a comunicación deben constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas en E.Primaria no C.E.I.P. Igrexa - Brens, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información. A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e a formación das novas xeracións.

A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan progresivamente na vida dos nenos e as nenas fan que deban estar presentes no centros educativos, de modo que os estudantes adquiren os coñecementos e as habilidades necesarios para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos ámbitos de aprendizaxe, familiares e de ocio. Procuraranse habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Ante a posibilidade de voltar ante algún posible contaxio á modalidade de ensino virtual, tal e como di o Protocolo de Adaptación ante a COVID-19, o noso centro xa ten activada a aula virtual.

Fomentaranse as formas habituais de utilización dos recursos tecnolóxicos na *aula como*:

1. Exposición do profesorado apoiada nas TIC:

Mediante o uso do ordenador, o profesor mellora a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos.

2. Iniciación á informática

Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías. Os contidos elementais que se desenvolverán na aula son:

- Coñecemento dos elementos básicos da computadora: pantalla, teclado, rato e o seu uso.
- Coñecer algunhas funcións básicas e imprescindibles dos sistemas operativos: manexo de fiestras (minimizar, maximizar), abrir programas, apagar a computadora, etc...
- Manexo de programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo.
- Iniciarse no manexo dun procesador de textos. Coñecer as funcións básicas que lle permitirán crear traballos: coñecer teclas básicas do teclado, escribir textos, gardar e recuperar arquivos, imprimir, incluír unha imaxe no texto, *iniciarse na navegación na internet: seguir ligazóns dentro de páxinas adaptadas ao seu nivel.*

3. Iniciación ao aprendizaxe por investigación

Fomentárase a aprendizaxe activa e o máis autónoma posible por parte do alumnado, sempre coa supervisión e acompañamento da mestra.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O C.E.I.P A Igrexa-Brens é un centro con só dúas unidades, polo que non hai un Equipo de Dinamización, pero as dúas mestras con destino definitivo se comprometeron a elaborar o Plan Dixital para o centro, unha como responsable do centro e a outra como coordinadora.

Desde o mes de Novembro comezou o proceso de elaboración do Plan Dixital coa axuda e asesoramento de Patricia Túdez, asesora do ADIX Vimianzo, e coas diferentes videoconferencias que se levaron a cabo ao longo do curso; e sempre en colaboración coa mestra responsable da outra unitaria do Concello de Cee, a E.E.I de A Pereiriña.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si. No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse á realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta con conexión WIFI e tamén conexión por cable nas dúas aulas. Na aula de Infantil hai dous ordenadores de mesa con conexión a Internet por cable. Os ordenadores están conectados coa Pantalla dixital táctil e coa impresora multifunción. Na aula de Educación Primaria tamén hai dous ordenadores de mesa con conexión por cable.

Ademais o centro dispón dun ordenador portátil mandado pola Consellería neste curso 21/22 para uso do alumnado que non dispón de conexión nin equipo informático na casa.

O centro conta cun teléfono móbil, propiedade do Concello de Cee.

A páxina web do centro é: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexacee/>. No curso 21/22 púxose en marcha a aula virtual do centro para o alumnado de 1º e 2º de E. Primaria: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexacee/aulavirtual/>

Ademais, en anos anteriores comezamos coa publicación dun blog en conxunto coa unitaria de A Pereiriña. Este blog está integrado agora na páxina web do centro: <https://unitariasdecee.wordpress.com/>. Outra maneira de comunicación coas familias é tamén a través da aplicación Abalar Móbil.

Para calquera problema que xurda na equipación informática poñémonos en contacto coa UAC; e para calquera outro problema técnico tamén contamos cun técnico informático de carácter privado.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2.6

	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.6
	Alumnado	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.7
	Alumnado	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	4.2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1.6
	Profesorado	2.7
	Alumnado	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.8
	Profesorado	2.5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2.3
	Alumnado	-

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
48	Explorador (A2)	76.4	Integrador(B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	40	Explorador (A2)	68.2	Integrador(B1)
Pri.	56	Explorador (A2)	77	Integrador(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	100%
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL	2	100.00%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e da interpretación das mestras implicadas.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURA S- EQUIPAMENTO		C10: O alumnado non dispón de dispositivos na aula.
PERSOAL	D1: Tanto o equipo directivo como o	F6: Tanto equipo directivo como

CATEGORÍAS	DOCENTE	<p>profesorado afirman debater sobre as necesidades de PDC no relativo á ensinanzas con tecnoloxías.</p> <p>D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E4: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p>	<p>profesorado considera que non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G5: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>-Teniendo en cuenta el informe del Test CDD, el profesorado debe mejorar su competencia digital.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>A1. Falta de estratexia dixital.</p> <p>A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C16: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p> <p>G8: O profesorado considera que non facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.</p> <p>-É fácil convertelo nun elemento baleiro da programación.</p>

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
-----------------	----------------------	----------------

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>-A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>-Existe mentor ADIX que pode apoiar ao centro no camiño da dixitalización.</p>	<p>-O alumnado non dispón de dispositivos na aula por falta de recursos.</p> <p>C5: O centro non dispón dunha boa asistencia técnica.</p> <p>-Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo.</p> <p>-As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>-Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.</p> <p>A5: Non se ten certeza sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe.</p>
	CONTORNA	-É un incentivo para a mellora da calidade educativa.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	- Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.	<p>B3: O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades.</p> <p>B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p>

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: ÁREA A LIDERADO						
OBXECTIVO 1:	(A4) Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital dentro da xornada escolar.				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	O Claustro dispón de tempo, durante a xornada escolar, para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
Valor de partida:	O profesorado adica 0 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
Valor previsto e data:	O 100% do profesorado adica 2 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Explicar ao Claustro o funcionamento das horas que deben adicar o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital.	30/09/22	Espazo para a reunión. Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear libro de seguimento das horas adicadas o ámbito dixital	Equipo de Dinamización	30/09/22	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	

dentro da xornada escolar.	do Plan Dixital.				Pendente
AO1.3: Análise do libro de seguimento das horas adicadas o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital.	30/05/23	Equipos informáticos. Equipo de dinamización do Plan Dixital.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 2:	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Acadar un proxecto educativo relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor de partida:	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
Valor previsto e data:	Hai 1 proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outro centro.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.2: Creación dun proxecto de actividades relacionado co uso e vivencias das TICS.	Claustro	16/12/22	Equipos informáticos. Profesorado implicado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Posta en marcha do proxecto creado co outro centro.	Claustro	26/05/23	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Áreas de mellora": E- PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 3 :	(E2) Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Mestra responsable				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor de partida	0 recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor previsto e data	5 recursos dixitais creados polo profesorado			Xuño 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos.	Persoa coordinadora do PFPP	30/09/22	Asesor CAFI/CFR Solicitud Equipos Informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP.	Profesorado implicado	28/04/23	Conexión a internet Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Subida á aula virtual ou plataforma similar de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP creados polo profesorado.	Profesorado implicado	31/05/23	Conexión a internet Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no equipamento tecnolóxico existente. Actualmente contamos con catro equipos informáticos de sobremesa para o uso tanto do profesorado como do alumnado. Isto na práctica implica que en diversas ocasións non se poida planificar diversas tarefas relacionadas coas TIC por non existir dispositivos suficientes. Ademais non existe equipamento específico para o alumnado como poden ser tablets ou equipos convertibles. Por este motivo, solicitamos material para poder emprender actividades TIC en grupos e dispoñer de dispositivos que sexan exclusivamente para o alumnado.

Tamén destacar que é precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción, se nela se desenvolve algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.